

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 23 de outubro de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 23/10/2024
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 23/10/2024
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Declaración de Interese para a modificación da titulación *Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga*
- V. Rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)*
- VI. Rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2022/2023)*
- VII. Rexistro *R2 DO-0203 Informe final de avaliación do PAT-ANEA (curso 2023/2024)*.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Constitución da Xunta de Escola para o curso 2024/2025.

A Directora indica que, en base aos datos proporcionados pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, se producen os seguintes cambios na composición da Xunta de Escola para o curso 2024/2025:

- Altas no colectivo de profesorado con vinculación permanente:
 - Andrés Elías Feijoo Lorenzo
 - Belén Díaz Fernández.
- Baixas no colectivo de profesorado con vinculación permanente:
 - Marcos Conde Fontenla
 - Itziar Goicoechea Castaño
 - Jesús Rico Fuentes.
- Baixas no colectivo do estudantado:
 - Alejandro Casal Barreiro
 - Alejandro Marzana Gómez.

A Directora agradece ás persoas que causan baixa a súa participación na Xunta de Escola e da a benvida ás que se incorporan.

2. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 22 de xullo de 2024.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección [Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola](#), de acceso libre.

3. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

4. **Nomeamento, se procede, do tribunal de Premios Extraordinarios Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.**

A Directora propón a seguinte composición dos tribunais:

- Presidenta: Elena Alonso Prieto
- Secretario: Guillermo García Lomba
- Vocal tribunal GEE: Francisco Deive Herva
- Vocal tribunal GERME: Iria Feijóo Vázquez.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

5. **Aprobación, se procede, da asignación de equipamento en laboratorios docentes para o curso académico 2024/2025.**

A Directora amosa a proposta e a comenta. Salienta que se poden asumir todas as solicitudes achegadas. Sinala que chegou unha dotación extraordinaria de 3200€ fai dous días e que se tramitará con cargo a equipamento do centro.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

6. **Aprobación, se procede, da Declaración de Interese para a modificación da titulación *Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga*.**

A Directora lembra que se trata un título interuniversitario de 90 ECTS, no que participan UCD (coordinadora), UVIGO y USC e que este ano se imparte por primeira vez o 2º curso.

Cede a palabra a María Araújo, coordinadora do máster na UVigo, quen sinala que se identificaron unhas cuestións que poderían mellorarse e que aínda están intentando consensuar unha proposta de modificación na comisión académica interuniversitaria do máster. Comenta as principais ideas da solicitude, recollidas no ANEXO IV, que se corresponden con modificacións substanciais: cuestións relativas ao requisito de admisión

do idioma, revisión das horas de presencialidade e valoración da posibilidade de modificación da modalidade de ensino. O obxectivo de presentar a solicitude é, polo menos, abordar a análise e valoración da posibilidade de efectuar estes cambios. Poderían chegar a concretarse todos ou non, pero polo de agora se trata de aprobar a declaración de interese para a modificación.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a declaración de interese.

7. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Divulgación Científica para o curso 2024/2025.

A Directora amosa a proposta de composición da comisión e cede a palabra a Raquel Pérez Orozco, Subdirectora de Divulgación Científica e Captación, quen a comenta.

Presidenta	
Raquel Pérez Orozco	
Comisionado No Permanente	
Bolseiros/as de formación en actividades de divulgación	
Comisionado Permanente	
Alonso Prieto, Elena	Liz Marzán, Eduardo
Álvarez Álvarez, María Salomé	López Bértolo, Javier
Andrés Herguedas, Laura	Mariño Martínez, Carmen María
Araújo Fernández, María	Maytín Vargas, Isaías José
Barreiro Cal, Borja	Moya Rico, José Domingo
Carou González, Cinthia	Pacini, Romina
Cordeiro Costas, Moisés	Parente Artime, Belén
Deive Herva, Francisco Javier	Pazo Rodríguez, María
Diéguez Fernández, Álvaro	Pérez Collazo, Carlos
Diez Ferrer, Bienvenido	Pérez Rey, Ignacio
Estévez Ventosa, Xián	Pintos Alonso, Aranzu
Feijóo Vázquez, Iria	Pozo Antonio, José Santiago
Franco Sardinha, Amanda	Rigueira Díaz, Xurxo
García Corbeira, Francisco Javier	Rivas Brea, Teresa
García Fernández, Juan José	Rodríguez Barros, Iván
García Rodiño, David	Rodríguez Fernández, Francisco Javier
Garrido González, Iván	Salgado Díaz, Mateo
Gómez Barreiro, Silvia	Silva Fernández, Sheila
Gutián Saco, María Beatriz	Torres Rodríguez, Brian
Larrañaga Janeiro, Ana	Vázquez Dorrío, José Benito

Apróbese a nova composición por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Calidade.

A Directora sinala que un posto na comisión corresponde á Coordinadora do PAT/PIUNE, que no presente curso é Ana Rodríguez Rodríguez (en vez de Ángeles Domínguez Santiago). Como ela xa formaba parte da comisión, como representante do MUEM, propónse nomear no seu lugar a Teresa Rivas. Deste xeito a nova composición da comisión sería a seguinte:

Nome e apelidos	Representatividade
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario/ Coordinador de Calidade
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Teresa Rivas Brea	Representante do Máster EM
María Araújo Fernández	Coordinadora Máster XSA
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Coordinadora do PAT/PIUNE
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Pablo Eguía Oller	Representante dos departamentos con docencia no centro
Martina Cárdenas Corral	Representante do estudantado de grao 1
Mateo Salgado Díaz	Representante do estudantado de grao 2
Amanda Franco Sardinha	Representante do estudantado de máster
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado
M ^a Carmen Romo Pérez	Representante da Administradora do centro
Diego López González (titular) Luisa Álvarez Zaragoza (suplente)	Representantes da Sociedade

A Xunta de Escola aproba a nova composición por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da composición das Comisións de Compensación dos graos para o curso 2024/2025.

A Directora sinala que hai que sortear representantes das áreas. Tras efectuar o sorteo propóñense as seguintes composicións das comisións:

Grao en ERME		
Presidenta		Coordinadora do Grao
Representantes do PDI	Vocais	Rafael Barrionuevo Giménez
		Natalia Caparrini Marín
	Suplente	María Pazo Rodríguez
Representantes do Alumnado	Vocal	Andrés Elías Feijoo Lorenzo
	Suplente	Belén Parente Artime
		Mateo Salgado Díaz

Grao en EE		
Presidente		Coordinador do Grao
Representantes do PDI	Vocais	Rafael Barrionuevo Giménez
		Natalia Caparrini Marín
		María Pazo Rodríguez
	Suplente	Andrés Elías Feijoo Lorenzo
Representantes do Alumnado	Vocal	Mateo Salgado Díaz
	Suplente	Belén Parente Artime

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

10. Aprobación, se procede, de modificación no rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)*.

A Presidenta lembra que é o cadro de mando e cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de calidade, quen aclara que se detectaron uns erros no documento aprobado o 22 de xullo polo que propón emendalos e aprobar de novo o rexistro que ven de ser validado na Comisión de Calidade do 22 de outubro. Amosa o novo documento (ANEXO V) e comenta os cambios introducidos.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación do rexistro.

Agradécese o traballo realizado por Guillermo García como Coordinador de calidade.

11. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2022/2023)*.

A Directora lembra que, previamente, se achegou o documento (ANEXO VI) aos membros da xunta de centro e sinala que xa foi validado pola Comisión de Calidade o 22 de outubro. Aclara que o motivo de presentar tan tarde o IRPD foi a participación do centro no plan piloto da UVIGO de introdución e utilización do Cadro de Mando, o que dificultou substancialmente a elaboración final do informe.

Lembra a idea e a utilización do IRPD e, a continuación, amosa e comenta a estrutura xeral do informe, que é similar á dos anteriores, salvo pola modificación do panel de indicadores e a utilización do cadro de mando.

Aclara que non se inclúe neste informe a revisión do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga porque empezou a impartirse no curso 2023/2024.

A continuación sinala os principais aspectos, comentando os seus datos e facendo unha breve análise de cada un dos epígrafes.

Da sección dedicada ao Centro destaca os datos de inserción laboral (resultados do último estudo dispoñible) e das enquisas de empregadores. Salienta as valoracións efectuadas nos diferentes criterios e as accións de mellora propostas.

Amosa tamén as seccións dedicadas a cada titulación, salientando as principais valoracións, a situación das accións de mellora abertas e as propostas de novas accións de mellora.

Finalmente indica as conclusións do informe e os acordos acadados e sinala que está pendente engadir as fichas das novas accións de mellora no último anexo.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o rexistro R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2022/2023).

Agradécese a Guillermo García e Carmen Romo o traballo realizado na recompilación da información e na elaboración do documento.

12. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora indica que está pendente de aprobación en Xunta de Escola o rexistro de calidade *R2 DO-0203 P1 Informe do PAT-ANEAE correspondente ao curso 2023/2024* que xa foi validado na Comisión de Calidade do 22 de outubro. Amosa o documento (ANEXO VII) e comenta os principais aspectos do informe, sinalando que é bastante similar ao do curso anterior. Salienta que pouco a pouco aumenta a visualización e identificación das actividades de orientación e a participación do estudantado. Destaca a creación dos espazos INFO en Moovi para información e orientación ao estudantado e a súa gran utilidade.

Indica que o informe foi o derradeiro que lle correspondeu elaborar a Ángeles Domínguez, que deixa a coordinación do PAT-ANEAE do centro; agradécelle o traballo realizado e o estende a todas as persoas titoras do PAT.

A Xunta de Escola aproba o rexistro de calidade por asentimento.

13. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14 horas e 13 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de outubro de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 23/10/2024

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o mércores 23 de outubro 2024, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1) Constitución da Xunta de Escola para o curso 2024-2025
- 2) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 22 de xullo de 2024.
- 3) Informe da Directora.
- 4) Nomeamento, se procede, do tribunal de Premios Extraordinarios Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.
- 5) Aprobación, se procede, da asignación de equipamento en laboratorios docentes para o curso académico 2024/2025.
- 6) Aprobación, se procede, da Declaración de Interese para a modificación da titulación *Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga*.
- 7) Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Divulgación Científica para o curso 2024/2025.
- 8) Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Calidade.
- 9) Aprobación, se procede, da composición das Comisións de Compensación dos graos para o curso 2024/2025.
- 10) Aprobación, se procede, de modificación no rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)*.
- 11) Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2022/2023)*.
- 12) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 13) Rogos e preguntas.

Vigo, 16 de outubro de 2024

O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-8336-a383-1171-874a-734a-56fe-8d42-77d3

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 16/10/2024 12:55 | NOTAS : F





ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola Ordinaria do 23/10/2024

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 23/10/2024

Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Araújo Fernández, María
4. Arias Sánchez, Pedro
5. Cabeza Simó, Marta
6. Deive Herva, Francisco Javier
7. Diez Ferrer, José Bienvenido
8. Domínguez Santiago, Ángeles
9. García Bastante, Fernando
10. García Lomba, Guillermo
11. Guitián Saco, M^a Beatriz
12. Pazo Rodríguez, María
13. Pérez Orozco, Raquel
14. Pérez Pérez, M^a Carmen
15. Pozo Antonio, José Santiago
16. Rodríguez Rodríguez, Ana María
17. Taboada Castro, Javier
18. Vázquez Dorrió, José Benito
19. Vijande López, Javier

Alumnado

20. Pacini, Romina
21. Parente Artime, Belén
22. Salgado Díaz, Mateo

Persoal de Administración e Servizos

23. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia

- Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
- Giráldez Pérez, Eduardo
- Patiño Vilas, David
- Rivas Brea, Teresa

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Declaración de Interese para a modificación da titulación

Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga

ANEXO V

Rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)*

ANEXO VI

Rexistro R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección

(curso 2022/2023)

ANEXO VII

Rexistro R2 DO-0203 *Informe final de avaliación do*
PAT-ANEAE (curso 2023/2024)